

Viva o 10 de Marzo!

■ Sen Comisións Obreiras é imposible entender unha data tan significativa

A clase traballadora foi a vítima da represión franquista, represión que desarticulou as organizacións históricas do movemento obreiro. Mais a ditadura non foi capaz de facer desaparecer as ansias de mellora das condicións de vida e de traballo nin as arelas de liberdade. Así, nos anos sesenta naceron novas formas de organización, aglutinadas nomeadamente ao redor das Comisións Obreiras.

En Ferrol, a proposta dos traballadores da Empresa Nacional Bazán de defender unha alternativa de convenio no ámbito da factoría orixinou o maior conflito sociolaboral vivido nesta cidade, que culminou o 10 de Marzo de 1972 coa morte por disparos da policía de dous traballadores e dirixentes das CCOO, Amador Rey e Daniel Niebla. A dirección do conflito e o peso das mobilizacións foron responsabilidade dos cadros e dirixentes das Comisións Obreiras, que pagarían un alto prezo persoal e organizativo, pois sobre eles recaeu toda a dureza da represión franquista.

Solidariedade

Un dos aspectos máis característicos destes conflitos foi o amplo movemento de solidariedade que acadaron entre diversos sectores profesionais e no conxunto da cida-

danía. A solidariedade, ademais, rebordou os ámbitos galego e español. As loitas do ano 72 colocaron a clase obreira galega e as Comisións Obreiras no primeiro plano da loita contra a ditadura.

Por estas razóns, o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, desde o seu

I Congreso, en 1978, reivindicou o 10 de Marzo como o Día da Clase Obreira Galega. A importancia desta conmemoración fixo que o Parlamento, a pedido do sindicato, aprobara por unanimidade en 1997 unha declaración institucional na que se recoñecía o significado histórico do 10 de Marzo.



Instantánea da histórica mobilización do 10 de marzo de 1972

■ Participa na manifestación que sairá ás 19 horas da praza do Inferniño de Ferrol

MANIFESTO DO DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA

Mellorar o emprego, fortalecer o benestar

O 10 de Marzo conmemoramos o Día da Clase Obreira Galega. Lembramos aqueles feitos de 1972 en Ferrol que provocaron a convulsión dun sistema ditatorial. Esa lembranza é a que nos move a mantérmonos firmes nos nosos valores.

Daquela, o compromiso das CCOO coa loita polas liberdades e a democracia adquiriu forma de conflito na Bazán de Ferrol. O dereito á negociación colectiva era unha aspiración dos traballadores e traballadoras consubstancial á conquista de dereitos laborais e sociais, que implicaba liquidar o modelo de relacións laborais do réxime franquista. Compañeiros e compañeiras deste sindicato puxeron o seu pellico ao servizo dese obxectivo. Foi a

responsabilidade desta organización a que impulsou tal tarefa. A responsabilidade e o compromiso que caracterizan o noso sindicato fanse hoxe en día máis necesarios ca nunca.

A actual situación de crise económica e institucional que vive Galicia e o conxunto do estado ofrece unhas cifras detrás das cales se topan os dramas particulares de moitas persoas. Neste último ano, o PIB galego caeu un 3% e destruíuse emprego en todos os sectores, especialmente na industria e na construción. Isto é, 56.000 galegos e galegas perderon o seu posto de traballo.

Ademais, a taxa de temporalidade reduciuse en catro puntos ata situarse no 25,8%, pero faino pola vía do axuste do persoal eventual. Por outra parte, os expedientes de regulación de emprego multiplicáronse por tres no último ano e ascenderon a 21.000 as traballadoras e traballadores afectados por suspensión de contrato.

E se perder o medio de vida é xa de seu un drama, non atopar outro e ademais quedar sen prestacións sociais é unha traxedia moito maior. Desta maneira, das 234.000 persoas sen traballo que hai actualmente en Galicia, o 38% carecen de calquera tipo de axuda pública. Para intentar res-

ponder á situación, impulsouse en Galicia un proceso de diálogo social que toma como base os acordos acadados co Goberno anterior, pero revisándoos e adaptándoos ao novo contexto de crise. Partindo destas premisas, créronse catro grupos de traballo de carácter transversal e dous sectoriais, sempre co obxectivo de dar resposta a curto prazo aos problemas máis urxentes para os traballadores e traballadoras do noso país.

O freo da destrución de emprego debe ser a nosa máxima prioridade. Non nos podemos permitir caer na demagogia barata que nos leve a unha canella onde os peor parados sexan os que xa non teñen nada. É a nosa responsabilidade ser conscientes de que un estado social como o noso debe ser eficiente ou non será.

O noso compromiso é crear espazos de entendemento á hora de buscar solucións conxuntas. Neste sentido, Comisións Obreiras xa ten dado sobradas mostras da responsabilidade e do compromiso que nos caracterizan no esforzo compartido que supón o Acordo Interconfederal de Negociación Colectiva. Compromiso que tamén se expresou e se expresará cando for necesario mediante a mobilización, como aconteceu o pasado 2 de marzo en defensa das pensións. Responsabilidade e compromiso como o dos compañeiros de Bazán no 72 en Ferrol.

**VIVA A CLASE OBREIRA GALEGA!!
VIVA O DEZ DE MARZO!!
VIVAN AS COMISIONS OBREIRAS!!
DANIEL E AMADOR, NA MEMORIA!!**

Participa con CCOO
na manifestación que sairá ás 19 horas
da Praza do Inferniño de Ferrol

**10 de marzo
día da clase
obreira galega**

MELLORAR O EMPREGO
CCOO
FORTALECER O BENESTAR

2010